

27 / 28 / 29 DE XANEIRO 2017



INTERNATIONAL FILM FESTIVAL ROTTERDAM

#livecinema
live.iffrr.com

DO 27 AO 29 DE XANEIRO

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE ROTTERDAM LIVE

- 5 filmes de estrea nun pase único en máis de 45 salas de cinema de toda Europa
- Presentación simultánea en streaming e coloquio co equipo do filme na sala NUMAX

«En Róterdam hai espazo para os filmes que non seguen unha fórmula comercial»

Entrevista a Bero Beyer,
director do IFFR

por Anne van de Wetering

Bero Beyer é director do IFFR desde hai pouco máis dun ano. Unha das primeiras cousas que fixo ao chegar foi simplificar a estrutura da programación. O festival conta con catro seccións: Futuro Brillante, Voces, Foco e Perspectivas. Despois da organización do IFFR 2016 Beyer estivo en Berlin, Qatar, Curaçao, Cannes, Locarno, Leipzig, Toronto, Busan e Tokyo. Percorreu festivais, falou con cineastas, formou parte de xurados e representou o IFFR.

Cal é o teu traballo nos festivais aos que vas? Todos os programadores percorren o mundo, buscan filmes e cineastas, implícanse persoalmente e desde o nivel máis básico. O meu traballo é un pouco diferente porque se ben tamén busco cineastas e vexo filmes esfórzome por centrarme ao que

fai de Rotterdam un festival único: a visión de futuro. Os filmes anovadores que amosamos permítennos crear unha audiencia íntima a longa escala. A combinación de audiencia e filmes e o empeño en resistir ao mercado fai do IFFR un festival especial. Sinto que temos que seguir amosando iso. Ás veces preparar un festival pode ser enriquecedor por outras razóns. Por exemplo, coñecer o cineasta Adachi Masao en Xapón foi algo excepcional. Non pode saír do seu país por mor das súas opinións. Amosamos unha retrospectiva do seu traballo e foi incríbel poder contarlle que estabamos felices de poder facelo. Esta é tamén a mensaxe que trasladamos aos cineastas: non vos apuredes intentando chegar con fórmulas comerciais. Porque en Róterdam hai espazo para os vosos filmes.

Tras un ano como director do festival, como te ves? O que máis me gusta deste festival é que algo que ao principio parece unha idea ridícula acaba facéndose realidade. Os momentos nos que alguén propón unha idea que parece imposible pero dicimos: imos facelo. Por exemplo o IFFR Live, que iniciou o anterior director: retransmisión en directo de estreas en cinemas de toda Europa. Comezou como unha idea salvaxe, pero medrou e medrou

e agora está facéndose cada vez máis potente. O que amosa que persistindo podes chegar ao final. Sempre escoitamos iso de ter a oportunidade de probar e de errar. En Róterdam hai esa opción. En calquera evento temos que ofrecer esa posibilidade. Atrevernos a levar a cabo grandes ideas e arriscar.

Fragmento da entrevista publicada en iffrr.com
Tradución de Olalla Cociña

VENRES 27

19:00

MISTER UNIVERSO (90')

Tizza Covi, Rainer Frimmel.

Austria, Italia



Tairo, un mozo domador de leóns, está descontento coa súa vida actual. Posto que perdeu o seu talismán, emprende unha viaxe por Italia na busca do home que llo regalara no pasado. Un filme arredor das forzas racionais e irracionais. Un traballo cálido e humano sobre a vida nas marxes.

Tizza Covi (1971, Italia) viviu en París e Berlín antes de estudar fotografía en Viena, onde coñeceu ao tamén estudante Rainer Frimmel (1971, Austria). Desde 1996 teñen traballado xuntos en proxectos fotográficos, de teatro e de cinema, sempre desde unha aproximación documental, incluso na ficción.

22:30

PREVENGE (88')

Alice Lowe. Reino Unido



Así como algunhas preñadas devenen por comer chocolate, Ruth necesita os truculentos asasinatos que o seu feto lle ordena cometer. A actriz e guionista Alice Lowe (*Sightseers*, 2012) debuta na dirección e protagoniza este filme feminista de terror cómico que acaba coa idea romántica da preñez.

Alice Lowe (1977, Reino Unido) é unha actriz, guionista e directora inglesa. Comezou a súa carreira no teatro experimental. De 2001 en diante vén aparecendo na televisión inglesa, en series como *Little Britain*, *Skins* ou *Sherlock*. A curtametraxe *Solitude* (2014) foi o seu debut como directora.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

SÁBADO 28

16:00

THE MAN (94')

Charlotte Sieling. Dinamarca



Simon é o rei da escena artística danesa, ten éxito e é rico, ten unha fermosa muller e unha amante nova. Un día o seu fillo Casper, a quen nunca coñeceu, aparece na porta. A chegada de Casper, un artista de rúa de fama mundial, supón para Simón unha provocación, comezando una batalla implacábel entre pai e fillo.

Charlotte Sieling (1960, Dinamarca) é actriz e directora. Estudou teatro na Escola Nacional de Teatro de Dinamarca, onde se graduou en 1985. Ten dirixido moitas series de televisión de éxito como *Unit One* (2000) e *The Killing* (2007). Debutou no cinema con *Above the Street, Below the Water* en 2009. *The Man* (2017) é a súa segunda longametraxe.

20:00

HOME (103')

Fien Troch. Bélxica



Onde e con quen sentes que estás en casa? Este é o tema central que un grupo de adolescentes e as súas familias enfrontan no último drama de Fien Troch. En quen podes confiar verdadeiramente cando non tes a onde ir? Esta tensión pálpase en todo momento no filme, en parte grazas á atinada banda sonora de Johnny Jewel.

Fien Troch (1978, Bélxica) graduouse en Cinema na Academia Sint Lukas, en Gant no 2000, a onde regresaría anos despois como profesora. Formou parte do elenco da longametraxe francesa *Saint-*

Cyr (2000), de Patricia Mazuy. Realizou moitas curtametraxes e tamén anuncios publicitarios. O seu filme de debut *Someone Else's Happiness* (2005) gañou o premio Golden Alexander ao mellor filme, guión e actriz (Ina Geerts) en Tesalónica. Os seus filmes *Kid* (2012) e *Home* (2016) recibiron tamén múltiples galardóns en festivais.

DOMINGO 29

20:00

THE GIANT (90')

Johannes Nyholm. Dinamarca



Rikard é un home autista con deformidades graves que busca a maneira de reencontrarse coa súa nai, da que foi separado hai tempo, por medio do xogo da petanca e coa axuda dun xigante de 60 metros. O seu fráxil físico e unha contorna hostil e dada ao xuízo fácil contribúen a facer a súa vida máis dura. Convencido de que a súa nai volverá con el se gaña o campionato de petanca do Norte de Europa, Rikard fará o imposible por conseguilo.

Johannes Nyholm (1974, Suecia) estudou cinema, arte, novos medios e animación. Foi fundador da produtora Joelo. As súas curtametraxes e videoclips pasaron pola televisión, festivais de cinema e galerías. Traballa e vive en Gothenburg.



INTERNATIONAL FILM FESTIVAL ROTTERDAM

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME